

BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# Elaboración e interpretación de citas e referencias bibliográficas

---

2017

**Biblioteca da UDC. Sección de Información e Referencia**

## Contido

Citas e referencias bibliográficas.....	3
Como citar? .....	3
Citas non literais ou paráfrases .....	3
Citas textuais .....	4
Elaborar referencias bibliográficas.....	4
Documentos impresos .....	4
Monografías .....	5
Partes de monografías .....	5
Publicacións seriadas .....	5
Artigos de publicacións seriadas .....	5
Congresos .....	5
Relatorios de congresos .....	6
Teses de doutoramento .....	6
Lexislación .....	6
Normas .....	6
Patentes .....	6
Informes .....	6
Informes inéditos .....	7
Documentos electrónicos .....	7
Textos electrónicos, bases de datos e programas informáticos .....	7
Partes de textos electrónicos, bases de datos e programas informáticos.....	7
Contribucións en textos electrónicos, bases de datos e programas informáticos .....	8
Publicacións seriadas electrónicas completas .....	8
Artigos e outras contribucións en publicacións seriadas electrónicas .....	8
Boletíns de novas, listaxes de discusión.....	8
Mensaxes electrónicas .....	8
E-books.....	9
Tuits ou tweets .....	9
Entrada en Facebook.....	9
Artigo de blog .....	10
Vídeo de YouTube .....	10
Como ordenar as referencias.....	10

Xestores bibliográficos .....	10
Bibliografía .....	11

## ELABORACIÓN E INTERPRETACIÓN DE CITAS E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

A **descripción bibliográfica** consiste na representación dun documento a través da identificación dos seus elementos principais: autor, título, editorial, etc. Esta descripción concrétese na presenza no traballo de referencias bibliográficas, que teñen os seguintes cometidos:

- Dar a coñecer traballos xa publicados para que sirvan como apoio ás informacións, hipóteses e conclusións presentadas.
- Dar fiabilidade á investigación documentando a súa orixe e permitindo a súa verificación.
- Posibilitar que o lector poida ampliar os contidos da investigación consultando directamente as fontes.
- Cumprir co principio de recoñecemento dos méritos alleos, evitando así o plaxio.

### Citas e referencias bibliográficas

A identificación dos documentos consultados na producción científica realiza-se a través de:

- **Citas:** son unha forma de referencia breve que se introduce entre parénteses no texto, ou como nota ao pé de páxina, e que identifica a fonte da que sacamos a información. Ex: (Eito, 2009)
- **Referencias bibliográficas:** descripción más extensa, ordenada alfabéticamente ao final do texto. Inclúe elementos fundamentais para identificar de forma unívoca o documento citado: autor, título, data, editorial, etc. Ex: EITO BRUN, R. *La guía de bolsillo de Moodle*. Madrid: Pearson Educación, 2009. 143 p. ISBN 978-84-8322-605-6.

Insértanse citas no texto cada vez que se expoñan ideas doutros autores, para aludir de maneira concisa ás fontes empregadas. Cada cita, á súa vez, remitirá a unha referencia bibliográfica na que estará descrito extensamente o documento. Esta bibliografía, sistemática e estruturada debe aparecer ao final do traballo.

### Como citar?

Na redacción das citas un dos modelos más utilizados é o de autor-data: apelidos, ano de publicación, páginas (cando sexa necesario). Así, as citas redáctanse dentro do texto, sen notas ao pé de páxina, o que facilita a lectura.

### Citas non literais ou paráfrases

Son aquelas nas que se expoñen as ideas dun autor sen incluír frases literais, coas propias palabras. Indicarse a procedencia da información incluída no texto entre parénteses: o apellido do autor e o ano de publicación, separados por unha coma.

Unha investigación recente (Suárez, 2012) sinala o seguinte [...]

Noutra obra (Blackmore, Jean y Rogers, 1982) manifestan [...]

No caso de que o nome do autor estea incluído no texto, só se indicará o ano entre parénteses.

O que indica Sanz (2008) é que podemos afirmar [...]

### Citas textuais

Se a cita é textual dun documento, o fragmento que se copia ten que ir entrecollado e/ou en cursiva. A continuación, entre parénteses, anotaremos o apellido do autor, o ano e a páxina na que aparece o texto.

Cornide era un “home de acción e o máis importante dos eruditos coruñeses” (López, 2007, 90).

Se o nome do autor citado intégrase no escrito, tras él, entre parénteses, indicarase o ano de publicación e a páxina da que se extrae o fragmento.

Como expón Serantes (2007, 109) “ao outro lado do xardín, e coñecido desde o principio co nome de Museo, edifíouse outro gran monumento”.

Cando a cita é más extensa, cópiase nun parágrafo aparte, con caracteres más pequenos e sangrando o texto nas marxes dereita e esquerda.

### Elaborar referencias bibliográficas

Hai moitos e diferentes **estilos de citar**, estes métodos varían dunhas disciplinas a outras, duns editores ou publicacións a outros, etc. Entre estes estilos están: American Psychological Association (APA), Chicago, Harvard Style, Institute of Electrical and Electronic Engineers (IEEE), UNE-ISO 690:2013, [ISO 690-2:1997](#) (para documentos electrónicos), Modern Language Association of America (MLA), Vancouver, ...

Pódense ver exemplos do estilo APA, Chicago, IEEE, MLA, Vancouver..., na seguinte [página da Biblioteca da Universidade de La Laguna](#).

Esta guía baséase nas recomendacións da norma **UNE-ISO 690:2013** para os documentos impresos e da norma ISO 690-2 para os documentos electrónicos. En canto as referencias das redes sociais, seguiuse o estilo MLA.

### Documentos impresos

#### Pautas xerais:

1. Os datos da referencia extráense do documento citado, é dicir, o documento fonte.
2. Os nomes de pila dos autores poden reducirse ás súas iniciais.
3. Cando existen varios autores, sepáranse por punto e coma e un espazo; se son más de tres, indícase o primeiro engadindo a abreviatura [el al.].
4. Se a obra é anónima, o primeiro elemento da referencia será o seu título.
5. Cando o autor é unha entidade, transcríbese o nome desta tal e como aparece na fonte, seguido da sección, se existe, e separadas ambas por punto e coma.

6. Tras os apelidos e nome de editores, coordinadores, etc., engadirase a abreviatura correspondente á función que realizan: (ed.), (coord.), (dir.).
7. Os subtítulos pódense incluir despois do título separados por dous puntos e espazo (: ).
8. A edición farase constar como apareza na obra, sempre que sexa unha edición distinta á primeira.
9. O lugar de publicación cítase na lingua desta.

Os elementos sinalados con asterisco (\*) son opcionais.

### Monografías

APELIDO(S), Nome. *Título do libro en cursiva*. Responsabilidade subordinada (coordinador; prologuista; ilustrador; etc.)\*. Nº de edición. Lugar de publicación: editorial, ano. Nº de páxinas\*. Serie\*. Notas\*. ISBN.

MENÉNDEZ SEOANE, S. *Estudio de la planificación de las bibliotecas públicas de la ciudad de A Coruña*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2008. 286 p. Monografías. 978-84-9749-283-6.

### Partes de monografías

APELIDO(S), Nome do autor da parte. Título da parte ou capítulo. En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Edición. Lugar de publicación: editorial, ano, páxinas inicial e final da parte.

VÍLCHEZ PARDO, J. Tratamiento y ubicación de la colección. En: ORERA ORERA, L. (ed.). *Manual de biblioteconomía*. Madrid: Síntesis, 1998, p. 113-136.

### Publicacións seriadas

*Título da publicación*. Responsabilidade principal. Edición. Identificación do fascículo (datas e/ou números). Lugar de publicación: editor, data do primeiro volumen-data do último volumen. Serie\*. Notas\*. ISSN.

*Australian Journal of Physiotherapy*. Australian Physiotherapy Association. Melbourne: Australian Physiotherapy Association, 1954-2009. ISSN 0004-9514.

### Artigos de publicacións seriadas

APELIDO(S), Nome. Título do artigo. Responsabilidade subordinada\*. *Título da revista*. Edición. Localización no documento fonte: ano, número, páxinas.

WEAVER, W. The collectors: command performances. Photography by Robert Emmett Bright. *Architectural Digest*, December 1985, vol.42, nº 12, p. 126-133.

Os datos sobre a localización no documento fonte poden abreviarse como no seguinte exemplo:

MAHMOOD, K. The best library software for developing countries: more than 30 plus points of Micro CDS/ISIS. *Library software review*, 1997, 16(1): 12-16.

### Congresos

Cítanse como unha monografía.

VALERO GARCÉS, C. e CRUZ CABANILLAS, I. de la (eds.). *Traducción y nuevas tecnologías. Herramientas auxiliares del traductor: encuentros en torno a la traducción*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares, 2001. 398 p. ISBN 84-8138-415-1.

### Relatorios de congresos

Cítanse como parte dunha monografía.

REY CASTELAO, O. Los libros en la Galicia moderna: lo que sabemos de una cuestión central de la historia cultural gallega. En: ROMERO PORTILLA, P. e GARCÍA HURTADO, M. (eds.). *De culturas, lenguas y tradiciones. 2º Simposio de Estudios Humanísticos*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2007, p. 13-36.

### Teses de doutoramento

APELIDO(S), Nome. *Título da tese*. Dirección. Clase de tese. Institución académica na que se presenta, lugar, ano.

PAZ AGRAS, L. *Espacio expositivo contemporáneo 1923-1942: interacción entre arte y arquitectura*. Director: Fernando Agrasar Quiroga. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña, Departamento de Composición, 2012.

No caso de que a tese estea publicada, a referencia seguirá o modelo das monografías, mantendo a institución na que se presentou.

### Lexislación

País. Título. *Publicación*, data de publicación, número, páxinas.

España. Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 27 de xuño de 2012, nº 122, p. 25553-25579.

### Normas

ENTIDADE RESPONSABLE DA NORMA. *Título*. Nº ou código da norma. Edición. Lugar de publicación: editorial, ano de publicación

AENOR. *Gestión de la I+D+I*. UNE 166000 EX, UNE 166001 EX, UNE 166002 EX. Madrid: AENOR, 2002.

### Patentes

MENCIÓN DE RESPONSABILIDAD PRINCIPAL. *Denominación do elemento patentado*. Responsabilidade subordinada. Notas\*. Identificador do documento (país ou oficina que o rexistra). Clase de documento de patente. Número. Ano-mes-día de publicación do documento.

CARL ZEIS JENA, VEB. *Anordnung zur lichtelektrischen Erfassung der Mitte eines Lichfeldes*. Erfinder: W. Feist, C. Wahnert, E. Feistauer. Int. CI3: G02 B27/14. Schweiz Patentschrift, 608 626. 1979-01-15.

### Informes

APELIDO(S), Nome. *Título*. Lugar de publicación: editorial, ano. Serie, nº da serie. (Disponibilidade)

1999 *Informe del Mercado de Trabajo*. Guadalajara: Dirección Provincial del Instituto Nacional de Empleo de Guadalajara, 2000. 155 p.

### Informes inéditos

APELIDO(S), Nome. *Título*. Informe inédito. Organismo que o produce. Ano.

GUIRADO ROMERO, Nuria. *Proyecto de conservación y recuperación de una especie amenazada, Testudo graeca, a partir de las poblaciones relictas del sureste español*. Informe inédito. Almeria: [s.n.], 1988. 115 p. Informe técnico Dirección General de Medio Ambiente.

### Documentos electrónicos

Aqueles documentos electrónicos que non son en liña reciben o mesmo tratamento que os documentos impresos, especificando necesariamente o tipo de soporte.

#### Pautas específicas:

1. Os datos da referencia extráense do documento electrónico.
2. É imprescindible indicar a data de consulta dos documentos en liña, xa que poden ser modificados.
3. Nos documentos electrónicos en liña de Internet colocarase sempre a súa dirección electrónica: <http://>
4. Non é obligatorio citar o lugar e a editorial nos documentos en liña, só haberá que indicalos cando destaqueñ claramente no documento.

Os elementos sinalados cun (\*) son opcionais. Os sinalados con (\*\*) son obligatorios nos documentos en liña.

### Textos electrónicos, bases de datos e programas informáticos

Responsable principal. *Título* [tipo de soporte]. Responsables secundarios\*. Edición. Lugar de publicación: editor, data de publicación, data de actualización ou revisión. [Data de consulta]\*\*. Descripción física\*. (Colección)\*. Notas\*. Disponibilidade e acceso\*\*. Número normalizado\*

FOCKS, C. *Acupuncture points trainer cd-rom* [vídeo]. New York: Churchill Livingstone, 2009. ISBN 9780702034152

Universidade da Coruña. *Catálogo da Biblioteca Universitaria* [en liña]. A Coruña: Servizo de Biblioteca Universitaria. [Consulta: 9 xullo 2013] <<http://kmelot.biblioteca.udc.es/>>

### Partes de textos electrónicos, bases de datos e programas informáticos

Responsable principal. *Título* [tipo de soporte]. Responsable(s) secundario(s). Edición. Lugar de publicación: editor, data de publicación, data de actualización ou revisión [Data de consulta]\*\*. Designación do capítulo ou parte, Título da parte, numeración e/ou localización da parte dentro do documento principal\*. Notas\*. Dispoñibilidade e acceso\*\*. Número normalizado\*

CARROLL, Lewis. *Alice's Adventures in Wonderland* [en liña]. [Consulta: 10 xullo 2013]. Chapter VII. A Mad Tea-Party. <<http://www.cs.cmu.edu/~rgs/alice-VII.html>>

### Contribucións en textos electrónicos, bases de datos e programas informáticos

Responsable principal (da contribución). Título. En: Responsabilidade da obra completa. *Título* [tipo de soporte]. Edición. Lugar de publicación: editor, data de publicación, data de actualización/revisión [Data de consulta]\*\*. Numeración e/o localización da contribución dentro do documento fonte. Notas\*. Dispoñibilidade e acceso\*\*. Número normalizado\*

BARNHART, L. Access control records: prospects and challenges. En: *Authority control in the 21<sup>st</sup> century* [en liña]: an invitational conference: March 31-April 1, 1996. Dublin, Ohio: OCLC, 1996. [Consulta: 10 xullo 2013].  
[<http://worldcat.org/arcviewer/1/OCC/2003/06/20/0000003520/viewer/file81.html>](http://worldcat.org/arcviewer/1/OCC/2003/06/20/0000003520/viewer/file81.html)

### Publicacións seriadas electrónicas completas

*Título* [tipo de soporte]. Edición. Designación dos números (data e/ou número)\*. Lugar de publicación: editor, data de publicación. [Data de consulta]\*\*. Descripción física\*. Notas\*. Dispoñibilidade e acceso\*\*. Número normalizado\*

*ACS Chemical Biology* [en liña]. Washington D.C.: American Chemical Society, 2006-. [Consulta: 10 xullo 2013]. <<http://pubs.acs.org/journal/acbcct>> ISSN 1554-8937

### Artigos e outras contribucións en publicacións seriadas electrónicas

APELIDO(S), Nome. Título do artigo ou contribución. *Título* [tipo de soporte]. Edición. Designación dos números (data e/ou número)\*. Data de actualización ou revisión [Data de consulta]\*\*. Localización da parte dentro do documento principal. Notas\*. Número normalizado (ISSN ou DOI). Dispoñibilidade e acceso\*\*

XIFRA, J. Pasado, presente y futuro de la documentación en relaciones públicas: el Institute for Public Relations. *El profesional de la información* [en liña], marzo-abril 2010, vol. 19, nº 2, p. 189-193. [Consulta: 10 xullo 2013]. ISSN 1699-2407.  
[<http://www.elprofesionaldelainformacion.com/contenidos/2010/marzo/10.pdf>](http://www.elprofesionaldelainformacion.com/contenidos/2010/marzo/10.pdf)

### Boletíns de novas, listaxes de discusión

*Título* [tipo de soporte]. Responsable(s) secundario(s). Lugar de publicación: editor, data de publicación [Data de consulta]\*\*. Notas\*. Dispoñibilidade e acceso\*\*

*IWETEL: foro para profesionales de bibliotecas y documentación* [en liña]. Responsables: Tomás Baiget [et al.]. 1993- [Consulta: 10 xullo 2013]  
[<http://listserv.rediris.es/cgi-bin/wa?A0=IWETEL>](http://listserv.rediris.es/cgi-bin/wa?A0=IWETEL)

### Mensaxes electrónicas

**Distribuídos por boletíns ou listaxes:** Responsable principal da mensaxe. "Título da mensaxe" [tipo de soporte]. En: *Título* (do boletín ou listaxe). Numeración e/ou localización da mensaxe [Data de consulta]\*\*. Notas\*. Dispoñibilidade e acceso\*\*

MARTÍNEZ MÉNDEZ, F.J. "25 años de Biblioteconomía y Documentación en la Universidad de Murcia" [en liña]. En: *IWETEL: foro para profesionales de bibliotecas y documentación* [en liña]. 8 xullo 2013. [Consulta: 10 xullo 2013]  
[<http://listserv.rediris.es/cgi-bin/wa?LOGON=A1%3Dind1307B%26L%3DIWETEL>](http://listserv.rediris.es/cgi-bin/wa?LOGON=A1%3Dind1307B%26L%3DIWETEL)

**Mensaxes electrónicas personais:** Responsable principal da mensaxe. "Título da mensaxe" [tipo de soporte]. Data da mensaxe. Nota co tipo de mensaxe.

THACKER, Jane. "MPEG-21 project stream on digital item identification" [en liña]. 3 outubro 2000. [Consultado: 6 outubro 2000]. Comunicación personal.

### E-books

Segundo o manual de estilo da [MLA](#) (Modern Language Association), faríase a referencia bibliográfica como no caso dun libro impreso, engadindo ao final o tipo de ficheiro se se coñece. Se non se identifica o tipo de ficheiro, engadiríase o tipo xenérico 'Digital file'.

Rowley, Hazel. *Franklin and Eleanor: An Extraordinary Marriage*. New York: Farrar, 2010. Kindle file.

### Tuits ou tweets

Segundo o manual de estilo da [MLA](#), os elementos da referencia bibliográfica serían:

APELIDOS, Nome do autor (nome do usuario). "Texto do tweet". Data, hora da mensaxe. Medio de publicación. Tweet.

ATHAR, Sohaib (@ReallyVirtual). "Helicopter hovering above Abbottabad at 1AM (is a rare event)." 1 May 2011, 3:58 p.m. Tweet.

Outras organizacións propoñen **estoutra maneira**:

PRIMEIRO APELIDO, Nome, (nome de usuario de Twitter). "Contido completo do tuit." Data, hora.

ARISTEGUI, Carmen, (@aristeguicnn). «CNN en español @CNEE supera los 5 millones de seguidores. La cuenta de noticias en español más seguida en Twitter. ¡Felicitaciones!» 5 de xuño de 2013, 9:25 a.m.

Se a autoría do tuit corresponde a un medio, unha institución ou un usuario que non utilice nome e apellido senón seudónimo, ponse este ou o seu nome na orde na que aparece na rede.

MUAC, (@muac\_unam). «Te invitamos a participar en el Concurso de video #VisionesDelArte. Hasta el #31 de julio». 6 de xuño de 2013, 09:45 p.m.

La Tempestad, (@LaTempestad\_). «La Feria de Editores Independientes de Viena exhibirá libros de arte de conceptualistas de los 60 y 70». 6 de xuño de 2013, 01:24 p.m.

### Entrada en Facebook

Segundo o manual de estilo da [MLA](#), os elementos da referencia bibliográfica serán:

APELIDOS, Nome do autor. "El post de Facebook íntegro". Facebook. Data do post. [Data de acceso].

ALONSO ARÉVALO, J. "Recomendaciones para la implementación del artículo 37 Difusión en Acceso Abierto de la Ley de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación". Facebook. 11 de setembro de 2017. [Data de acceso: 13 de setembro de 2017].

### Artigo de blog

Segundo o manual de estilo da [MLA](#), os elementos da referencia bibliográfica serían:

APELIDOS, Nome do autor. "Título da entrada do post do blog". Título do blog. Editor. Data de publicación. Web. Data de acceso.

VIZCAÍNO, M. "La librería secreta de Luis de Usoz". El Blog de la BNE. Biblioteca Nacional de España. 30 de maio de 2017. Blog. Acceso o 13 de setembro de 2017.

### Vídeo de YouTube

Segundo o manual de estilo da [MLA](#), os elementos da referencia bibliográfica serán:

Título do vídeo. Data de publicación do vídeo. Web de Youtube. Data de acceso.

En la mente de Einstein. 15 de outubro de 2016. Acceso o 13 de setembro de 2017. Vídeo de Youtube.

## Como ordenar as referencias

A listaxe de referencias bibliográficas debe aparecer ordenada segundo unha sucesión numérica que corresponde á orde de citas no texto, ou ao final do traballo.

Os principios a ter en conta se as referencias van ao final do traballo son os seguintes:

1. Ordenaranse alfabeticamente polo primeiro elemento da referencia (autor ou título) e, se este se repite, por orde cronolóxica.
2. Se varias referencias empezan por un mesmo autor, primeiro anotar as obras escritas por ese autor en solitario e despois as que aparece xunto a dous, tres ou máis autores.
3. As obras dun autor (ou grupo de autores) co mesmo ano de publicación ordénanse polo título e engádese á data unha letra que indique a orde: 2002a, 2002b, 2002c, etc.

## Xestores bibliográficos

Os **xestores de referencias** son programas que permiten crear, manter, organizar e dar forma a todas as referencias bibliográficas que se obtiveron na busca de información.

Un dos más coñecidos e que temos contratado na UDC é [RefWorks](#). RefWorks pódese emplegar desde calquera ordenador conectado a internet, pero antes é necesario crear unha conta persoal desde un ordenador pertencente á Universidade da Coruña. Unha vez rexistrado recibirás un correo electrónico de benvida co seu nome de persoa usuaria e contrasinal.

Ten diferentes funcionalidades como *RefMobile*, que permite acceder a RefWorks desde un dispositivo móvil con conexión a internet; ou *RefShare*, que deixa compartir as referencias con outros colegas ou poñelas a disposición da comunidade universitaria como bibliografía recomendada do curso.

**Outros xestores:**

- [EndNote](#): é o xestor bibliográfico que proporciona a base de datos Web of Knowledge a través da FECYT. Cómpre rexistrarse para poder utilizalo.
- [JabRef](#): xestor bibliográfico de código aberto. O formato de arquivo nativo que emprega é BibTeX, o formato de bibliografía estándar no sistema de composición de textos LaTeX. Execútase na máquina virtual de Java (versión 1.5 ou posterior), e funciona en Windows, Linux e Mac OS X.
- [Mendeley](#): xestor de referencias libre e multiplataforma (Mac, Windows e Linux) que dispón de versión local e de versión web, coa posibilidade de sincronizar as dúas automaticamente. Os seus creadores inspiráronse para facelo na web Last.fm, unha rede social de radio vía Internet para a recomendación de música con perfís persoais e estatísticas de uso. Un elemento que o fai único é que dispón dunha ferramenta estatística avanzada onde podemos atopar estatísticas dos autores, das materias más utilizadas na nosa área e das nosas referencias compartidas.
- [Zotero](#): xestor de bibliografía gratuito elaborado con software libre que se integra na web pero funciona únicamente como complemento ou extensión do navegador Mozilla Firefox.

## Bibliografía

AENOR. *Documentación. Referencias bibliográficas: contenido, formas y estructura*. UNE 50104: 1994. Madrid: AENOR, 1994.

INTERNATIONAL STANDARIZATION ORGANIZATION. *Information and documentation. Bibliographic references, part 2: Electronic documents or parts thereof*. ISO 690-2: 1997. Genève: ISO, 1997.

MENDOZA OLIVAR, Claudia. *Cómo citar un tuit en un trabajo académico* [en liña]. Madrid: Fundéu BBVA, 4 xullo 2013. [Consulta: 11 xullo 2013]  
<http://www.manualdeestilo.com/herramienta/como-citar-un-tuit-en-un-trabajo-academico/>

Universidade Carlos III de Madrid. *Cómo citar bibliografía* [en liña]. Madrid: Biblioteca de la Universidad Carlos III, última actualización 23/05/2013. [Consulta: 11 xullo 2013]  
[http://www.uc3m.es/portal/page/portal/biblioteca/aprende\\_usar/como\\_citar\\_bibliografia](http://www.uc3m.es/portal/page/portal/biblioteca/aprende_usar/como_citar_bibliografia)

Universidade de Barcelona. *Cómo citar y gestionar la bibliografía: documentos electrónicos*. Barcelona: CRAI de la Universidad de Barcelona. [Consulta: 13 setembro 2017]

Universidade de Cantabria. *Citar [en liña]: tutorial de citas y referencias*. Santander: Biblioteca de la Universidad de Cantabria. [Consulta: 11 xullo 2013]  
<http://www.buc.unican.es/sites/default/files/tutoriales/CITAR/PAGO.htm>

Universidade de Sevilla. *Elaboración de referencias bibliográficas [en liña]: documentos impresos*. Sevilla: Biblioteca de la Universidad de Sevilla. [Consulta: 11 xullo 2013]  
[http://bib.us.es/aprendizaje\\_investigacion/publicar\\_citar/como\\_elaborar/referencias\\_bibliograficas-ides-idweb.html](http://bib.us.es/aprendizaje_investigacion/publicar_citar/como_elaborar/referencias_bibliograficas-ides-idweb.html)

Universidade de Valencia. *Cómo elaborar citas y referencias bibliográficas* [en liña]. Valencia: Servei de Biblioteques i Documentació, Universitat de València, 2010. [Consulta: 11 xullo 2013] <[http://www.uv.es/websbd/serveis/citas\\_bilios.pdf](http://www.uv.es/websbd/serveis/citas_bilios.pdf)>